

Chega o mes de Xuño, e acompañada do bo tempo mergúllase na nosa aula de 4 anos unha mala noticia. O noso compañeiro Xael non seguirá neste colexio porque os seus pais van traballar a un país veciño, Italia.

Dende un primeiro momento o alumnado e profesorado está moi tristeiro, e decidimos que Xael debe levar unha pequeno agasallo que acompañe a todas as vivencias e recordos destes anos que estivo connosco.

Logo de pensar e repensar entre todos, relacionando a paixón de Xael polos dinosauros e a paixón do grupo polos contos, decidimos elaborar unha historia de dinosauros que máis tarde plasmariamos, mediante debuxos, nun libro.

Unha vez rematado o conto chegou o momento de elixirille unha portada. Pero como podiamos facer unha portada na que saíramos todos? Saíron moitas ideas, pero a que máis nos gustou foi a de empregar o programa Tagxedo, o cal xa utilizamos a comezos do curso para establecer as normas de xeito comunitario para a aula de 4 anos.

Polo tanto, o noso **obxectivo** era lograr unha imaxe representativa de todos nós para incluír na portada do libro elaborado. Pensamos en facer imaxes, vídeos, pero o que máis nos gustou foi poñer o noso nome, ademais de que xa todos o temos bastante ben interiorizado, e incluso nos gusta moito escribir o dos nosos compañeiros. Deste xeito incluímos o nome dos 9 compañeiros e compañeiras xunto co da mestra.

Para facer a portada tivemos que facer 3 **agrupamentos** de 3 persoas. Cada membro de cada grupo que ía pasando polo ordenador decidía que nome quería escribir dos membros da clase, sen elixir o propio.

Tamén tivemos que pensar na **temporalidade**, xa que o tempo era moi xusto. Deste xeito empregamos os 30 minutos finais dunha xornada para crear e gardar a imaxe, e outros 30 da seguinte para imprimila e pegala na portada.

Na realización da actividade son os propios nenos e nenas as que a van traballando e completando, sen a axuda da mestra sempre a cando sexa posible, aínda que esta sempre estará a súa disposición para pequenas incidencias ou problemas que se presenten.

Podemos facer referencia a unha **metodoloxía** de inclinación constructivista, xa que é o propio alumnado o que lle outorga significado á actividade, falamos dunha aprendizaxe activa, na que os nenos e nenas son as guías do seu propio aprendizaxe e relacionan os coñecementos previos cos presentados. Do mesmo xeito, aprendemos construído e facendo, creando así estruturas de coñecemento paralelas. Ademais, o alumnado debe combinar unha serie de tarefas e roles para intentar acadar o noso obxectivo (crear unha portada que nos represente a nós e ao conto).

Pasos que seguimos:

- **1º día**

- Acceso a Tagxedo
- Escribir os nomes das compañeiras/ os en quendas de 3 a 3.
- Eliximos cor, forma (dinosaurio) e características da imaxe.
- Gardamos a imaxe.

- **2º día**

- Accedemos á imaxe.
- Imprimimos a imaxe.
- Pegamos a imaxe.

O **lugar de realización** correspóndese coa propia aula, no recuncho onde se atopa o noso ordenador e diversos dispositivos.

Os **recursos** necesarios para a creación da portada do libro foron os seguintes:

- Acceso a Internet
- Ordenador
- Cadeiras e mesa do ordenador
- Impresora
- Papel
- Cola

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE: (seguindo as tres áreas curriculares)

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

- Valorar a presenza e ausencia dun ser querido.
- Identificar sentimentos e emocións propias e dos iguais.
- Valorar as relacións afectivas que se establecen na escola.

Coñecemento da contorna:

- Observar e identificar os gustos dos que nos rodean.
- Comprender as circunstancias polas que podemos pasar no mundo laboral.

Linguaxes: comunicación e representación:

- Coñecer as posibilidades de uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Presentar o noso nome en diferentes soportes.
- Acordar solucións a problemas en equipo.
- Solucionar problemas con TIC.
- Transferir coñecementos a diferentes situacións e contextos.

CONTIDOS DA ACTIVIDADE:

- Emprego da lingua oral como medio para chegar a acordos comunitarios.
- Participación democrática nunha decisión.
- Experimentación da empatía grupal.
- Estimulación de procesos cognitivos de alto nivel.
- Desenvolvemento de competencias básicas de saber, saber facer e saber ser.
- Uso das TIC como ferramenta de creación, expresión e comunicación

COMPETENCIAS BÁSICAS TRABALLADAS:

A pesar de que se traballaron todas as competencias recollidas no currículo oficial de Educación Infantil de Galicia do ano 2009, as máis significativas son:

- **Competencia en comunicación lingüística:** á hora de chegar a acordos, traballar de xeito cooperativo e empregar a escrita como medio de representación.
- **Competencia matemática:** calcular a cantidade de compoñentes do grupo, aspectos espaciais, etc.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** incorporando diferentes habilidades como o acceso a programas e a transmisión en diferentes soportes.
- **Competencia cultural e artística:** aplicando coñecementos de estética.

Considero que é unha actividade que se adecúa moi ben á idade do alumnado e que está perfectamente contextualizada, xa que empregamos as TIC para a solución dun problema, polo que ten un sentido lóxico e un “ por e para que”. Ademais, en todo momento realizan por si mesmos/as as actividades e os diferentes pasos para a construción dun produto final, coordinándose e colaborando en relación á decisión previa que fixeramos en conxunto.

Varela Rama, Sara.